

Resolución do 21 de decembro de 2023 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso por oposición libre a unha praza de vixiante municipal no concello de Rábade (código de procedemento PR461E).

Na sesión que tivo lugar o día 18 de decembro de 2023 o tribunal nomeado pola Resolución do 19 de outubro de 2023 (DOG núm. 207, do 31 de outubro) acordou por unanimidade publicar os seguintes aspectos informativos da realización do cuarto exercicio:

Primeiro. Data, hora e lugar de realización do cuarto exercicio: Todas as persoas aptas no terceiro exercicio deste proceso selectivo, conforme a listaxe publicada con data 15.12.2023 ([Anexo I](#)) que se elevará a definitiva (cos posibles cambios que procedan se existen alegacións que se estimen) serán convocadas o día **27 de decembro de 2023** á realización do cuarto exercicio (probos psicotécnicos) na data e lugar que a continuación se indica:

1. A primeira parte desta proba, correspondente á realización da proba de intelixencia e as probas de personalidade, levarase a cabo en chamamento único:

Data: 27.12.2023

Hora: 17:00 horas

Lugar: Salón de actos da AGASP en Rúa da Cultura, s/nº, A Estrada, 36680, Pontevedra

2. A segunda parte desta proba, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, levarase a cabo na mesma data, a continuación da realización da primeira parte, nas salas 1 e 2 do segundo piso da AGASP.

Segundo. Normas a ter en conta polo persoal convocado á realización desta proba:

1. Non se permitirá a asistencia de público, nin acompañantes, nin ningunha persoa allea á realización das probas.
2. As persoas convocadas deberán obrigatoriamente acudir provistas de DNI e bolígrafo azul e lapis para a realización das probas.
3. As persoas aspirante que non se presenten ás probas, ou non acudan coa documentación relatada con anterioridade, non poderán realizar as probas descritas anteriormente e decaerán de todos os seus dereitos no proceso selectivo.

Terceiro. Criterios que se terán en conta: Como concreción ao xa establecido nas bases sobre o cuarto exercicio, establécense os seguintes criterios:



1. Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais das persoas aspirantes e a súa adecuación ás funcións de vixilancia municipal que deberán desenvolver, comprobándose que presentan un perfil psicolóxico adecuado.
2. Para superalas, será necesario obter o resultado de apto no conxunto das probas realizadas.

3. **Primeira proba:**

a) **Proba de intelixencia:** Nela realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas vinculadas ás funcións de vixiantes municipais. Os factores que se pretenden medir son: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual. As probas que se implementarán son:

- Intelixencia Xeral, a través da medición da capacidade de comprensión e a través das matrices ou secuencias lóxicas, polo que subministra un CI verbal, CI non verbal e CI composto sobre o rendemento xeral.

O punto de corte para considerarse APTA o marcan os baremos da proba estandarizada, para unha poboación de funcionarios públicos.

- Comprensión de ordes, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual: empréganse 2 instrumentos de elaboración propia e testados con policía locais:

- Reixa de números do 00 ao 99: capacidade para localizar diferentes números dunha reixa nun tempo determinado e en condicións de estrés.

Non se considera unha proba para catalogar como NON APTA a unha persoa candidata, pero si complementaria en caso de estar nos límites noutras probas.

- Atención discriminativa e memorial visual: mostrar unha fotografía/lámina ou un vídeo dunha cidade, na que hai elementos como edificios, persoas, coches ou obxectos. Os candidatos a vixiantes municipais deben ter a capacidade de discriminar aqueles estímulos que son relevantes, así como de poder reproducir fielmente a imaxe presentada.

O punto de corte está no recoñecemento do 75% dos elementos relevantes da situación (APTA).



b) **Proba de Personalidade:** Nela mediranse diferentes factores como a enerxía, a extraversión, a afabilidade, o tesón, a estabilidade emocional e a apertura mental, así como preguntas de sinceridade.

Considérase NON APTA para ser vixiante municipal se mostra puntuacións baixas nalgún dos factores da proba, tendo en conta a curva de normalidade da poboación adulta xeral.

Considérase NON APTA a persoa que falsee as súas resposta coa finalidade de aparentar algo que non é.

Segunda proba:

Proba individual (entrevista) Seguindo as orientacións que se explícita na convocatoria, unha vez realizadas as probas de personalidade e de intelixencia, contrastaranse os resultados cunha entrevista.

Nesta entrevista formularanse unha serie de cuestións referidas aos diferentes contextos da persoa candidata con expectativas da función de vixilancia. Igualmente, incidirase nos aspectos relevantes da historia persoal de cada persoa candidata.

Neste sentido explorarase se existe ou existiu algún episodio de ansiedade ou estrés na súa vida, se consumiron substancias nocivas para a saúde física ou mental, se tivo algún tipo de prescrición médica ou problemas de saúde significativos.

Aínda que os test de personalidade non recollen directamente este tipo de cuestións, pode existir unha correlación entre as respostas aos test e á entrevista, o que permite corroborar os resultados dos mesmos. Igualmente, valorarase a sinceridade nas respostas e que non exista falsidade por desexabilidade social.

Cuarto. As entrevistas serán gravadas en soporte dixital.

Quinto. Tal e como establece a base 7.8 da convocatoria, os acordos adoptados polo Tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Presidenta do Tribunal

Amara García Senín

